



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN E O INSTITUTO DE CIENCIAS DO PATRIMONIO (INCIPIT) DO CSIC PARA A CONCESIÓN DUNHA AXUDA PARA COMPLETAR A ETAPA DE FORMACIÓN POSDOUTORAL DESTINADA Á CONTRATACIÓN DUNHA INVESTIGADORA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora da Axencia Galega de Innovación da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, **DECLARA:**

Que a Axencia Galega de Innovación ten previsto formalizar co Instituto de Ciencias do Patrimonio do CSIC (Incipit-CSIC) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día 27.03.2025, cunha duración total prevista de tres anos.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Outorgar unha axuda para completar a etapa de formación posdoutoral ao Instituto de Ciencias do Patrimonio (Incipit) do CSIC (en adiante, Incipit-CSIC) para a contratación da investigadora Andrea Rodríguez Antón, co NIF 76 078 705 W. Este convenio terá vixencia a partir do día 27.03.2025, cunha duración total de tres anos.

A finalidade é darlle continuidade á súa carreira investigadora, que desenvolve actualmente a través dun contrato derivado das axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral, posibilitando o perfeccionamento na súa formación e o establecemento dunha liña de investigación propia que lle permita, nun futuro, consolidar a súa traxectoria a través dun contrato de tres anos de duración e unha axuda complementaria para o establecemento da liña de investigación.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

1. Que a Orde do 28 de maio de 2019 (DOG núm. 111, do 13.06.2019), conxunta da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e da Consellería de Economía, Emprego e Industria, estableceu as bases e procedeu á convocatoria das axudas de apoio á etapa de





formación posdoutoral nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema de I+D+i galego para o ano 2019. Na súa modalidade A, prevía un contrato dun máximo de tres anos de duración distribuído do modo seguinte: dous anos para a realización de estadias de investigación no estranxeiro e un ano de retorno na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Que a Resolución do 24 de setembro de 2019 (DOG núm. 189, do 04.10.2019) adjudicou as axudas do Anexo I, modalidade A, da Orde do 28 de maio de 2019. A axuda co código de expediente IN606B-2019/005 foi concedida ao Incipit-CSIC para a contratación da investigadora Andrea Rodríguez Antón, co NIF 76078705W. Este contrato laboral que, inicialmente, tivo unha duración prevista de 3 anos, comezou o día 16.10.2019.
3. Que a Orde do 19 de xuño de 2020 (DOG núm. 128, do 30.06.2020), conxunta da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e da Consellería de Economía, Emprego e Industria, ampliou en 6 meses a duración e o crédito das axudas vixentes de apoio á etapa posdoutoral nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i, como consecuencia da situación creada pola evolución da pandemia COVID-19 (códigos de procedemento ED481B e IN606B).
4. Que por mor dunha situación de incapacidade temporal da investigadora contratada, a Axencia Galega de Innovación autorizou a interrupción da axuda dende o día 14.02.2020 ata o 25.01.2022, no que a investigadora reincorporouse á súa actividade laboral.
5. A Resolución da Axencia do día 24.02.2022 autorizou a prórroga desta axuda por un período idéntico ao da interrupción desta e dispuxo a tramitación dun reaxuste orzamentario para cubrir os custos desta axuda ata a súa finalización, prevista para o día 26.03.2025.
6. Unha vez finalizado o contrato posdoutoral da modalidade A, e no caso de que obteña unha avaliación positiva no dito programa, a investigadora debería poder optar a unha praza no programa de axudas para completar a etapa posdoutoral para o ano 2025. A pesar disto, concorren as seguintes circunstancias:





—As axudas para completar a etapa de formación posdoutoral do ano 2025 baséanse na previsión de que as persoas investigadoras seleccionadas comecen os contratos o día 01.09.2025.

—No caso da investigadora Andrea Rodríguez Antón, o remate do seu contrato de formación posdoutoral producirase o día 26.03.2025, e por mor da continuidade da súa actividade investigadora debería de comezar o novo contrato para completar a etapa de formación posdoutoral o día 27.03.2025.

—As circunstancias particulares da investigadora contratada provocan que esta non poida concorrer en igualdade de condicións ao resto das persoas candidatas ás axudas para completar a etapa posdoutoral do ano 2025.

7. Que por todo o exposto, a finalidade deste convenio é o financiamento ao Incipit-CSIC dunha axuda de 3 anos cos mesmos efectos administrativos e económicos que as axudas para completar a etapa posdoutoral do ano 2025.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela.

